

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29/04/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.

### ASISTENTES

**ALCALDE**  
José Marcote Suárez

**TTES. DE ALCALDE**  
Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

**SECRETARIO**  
Marta Cajide Barbeito

### ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do solo.
- 3º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **29/04/2021** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

#### 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 15 de Abril de 2021 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

### COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por JACINTA MARIÑO LÓPEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1210 de 13/07/2020); para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas en cor beige, limpeza do Tellado e substitución de canles, nunha vivenda (Referencia Catastral 000401300MH75B0001LY); mediante a ocupación de vía pública con andamios.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 21 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por YOLANDA LÓPEZ BAAMONDE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 506 de 17/03/2021); para proceder á realización de obras consistentes na construción dun porche no lateral da vivenda con dúas columnas e teito de fibrocemento cuberto con tella do país que non superará os 30 metros cadrados, a emprazar na citada Rúa (Referencia Catastral 8408730MH7580N0001IT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por ESTRELLA RIVERA MARCOTE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 789 de 23/04/2021); para proceder á realización de obras consistentes na limpeza da cuberta dun edificio existente (Referencia Catastral 8704020MH7580S0001AD); mediante a ocupación de vía pública con andamios.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOAQUÍN FÁBREGAS SANTOS, veciño de Fisterra (R.E. 393 de 24/02/2021) para proceder ás obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada a emprazar na finca (Referencia Catastral 8216128MH7581N0001AX); debendo cumprir as condicións indicadas na

**Resolución Favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 16/04/2021, que se indican:**

- Deberán empregarse acabados de fondo en cores verdosas ou grises para o vaso da piscina, evitando o azul habitual.
- O contorno do vaso acondicionarase cun tratamento lixeiro, en forma de prado ou cunha pequena superficie dura, privilexiando sempre o uso da pedra ou da madeira e a cobertura vexetal, aínda que tamén se considera axeitado o emprego de formigón posto en obra con acabados de árido visto, desactivado, lavado, etc., o que permite entoalo coas tonalidades e texturas da pedra do lugar variando a composición e aparencia dos áridos. Non se admite o emprego de materiais con tonalidades ou acabados pouco adecuados (losetas prefabricadas, baldosa coloreada, estampada, etc.).
- As instalacións auxiliares (depuradora, cloradora, etc.) que se pretende executar nun compartimento estanco e independente (sen especificar), aloxaranse nunha arqueta enterrada a cal rematarase superiormente cun acabado o mais semellante posible ao pavimento escollido para o contorno do vaso, enrasado coa cota natural do terreo. No caso de pretender a construción dunha caseta en superficie ou outro tipo de construción deberase presentar unha nova proposta para a súa avaliación.
- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das actuacións, comunicaranse de contado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural desta Consellería, que indicará as medidas protectoras e correctoras que estime oportunas.

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **MARÍA DEL CARMEN GÓMEZ CALVO**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 788 de 23/04/2021) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de auga potable conectando coa rede de abastecemento municipal que pasa pola zona con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 8607422MH7580N0001XT).

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Abril de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.-A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32 mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.-Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.- Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.-A interesada comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga, para que por esta se efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

**B) Visto o escrito presentado neste Concello con Rexistro de Entrada Nº 567 de data 26/03/2021, por parte de LUÍS MIGUEL LAGO RIVAS, veciño de Fisterra, no que solicita se deixe sen efecto a Licenza de Obras outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 9 de Maio de 2019 a nome de LUÍS LAGO RIVAS e MARÍA ALICIA COSTA MARTÍNEZ, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada con Garaxe.**

**E emitido Informe pola Policía Local deste Concello con data 29 de Marzo de 2021, no que se indica que non existe ningún tipo de construción relativa ás obras en cuestión.**

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda ó Arquivo do Expediente de Licenza de Obras nº 2018/U022/000007 e se proceda á devolución do ICIO ingresado en arcas municipais por importe de TRES MIL NOVECENTOS SETENTA EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (3.970,49 €).-**

**C) Visto o escrito presentado neste Concello con Rexistro de Entrada Nº 800 de data 26/04/2021 por GUILLERMO MANUEL CASTREJE ESTÉVEZ, veciño de Fisterra, na que solicita se deixe sen efecto a Comunicación Previa de Obras, para proceder á Construción dun Galpón de 30 metros cadrados a emprazar nunha finca (Referencia Catastral 8214831MH7581S0001YU).-**

**E emitido Informe pola Policía Local deste Concello con data 28 de Abril de 2021, no que se indica que non existe ningún tipo de construción relativa ás obras en cuestión.**

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda ó Arquivo do Expediente de Comunicación Previa de Obras nº 2021/U026/000024 e se proceda á devolución do ICIO ingresado en arcas municipais por importe de CENTO DEZ EUROS (110,00 €).-**

**D) Visto o escrito presentado neste Concello con Rexistro de Entrada Nº 801 de data 26/04/2021 por GUILLERMO MANUEL CASTREJE ESTÉVEZ, veciño de Fisterra, na que solicita se deixe sen efecto a Comunicación Previa de Obras, para proceder ás Conexións coa rede xeral de saneamento e abastecemento municipal con destino a unha finca (Referencia Catastral 8214831MH7581S0001YU).-**

**E emitido Informe pola Policía Local deste Concello con data 28 de Abril de 2021, no que se indica que non existe ningún tipo de construción relativa ás obras en cuestión.**

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda ó Arquivo do Expediente de Comunicación Previa de Obras nº 2021/U010/000001 e se proceda á devolución do ICIO e Taxas ingresadas**

en arcas municipais por importe de **CENTO CINCO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (105,35 €) .-**

### **3º) ASUNTOS VARIOS**

#### **A) VENDA AMBULANTE**

Examinado o padrón municipal de venda ambulante deste concello, correspondente ao ano 2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Non conceder autorización necesaria para realizar a venda ambulante neste concello, durante o ano 2020, as persoas que de seguido se indican en base aos motivos que se sinalan:

<b>NUM. / METROS</b>	<b>INTERESADO DNI/NIE/CIF</b>	<b>DOMICILIO</b>	<b>MOTIVO</b>
3 6	LEMA AGUILAR, Luz María	Arteixo	Non presentar documentación
4 4	DE LOS SANTOS LAGOS, Aníbal	Muxía	Non presentar documentación
5 10	FERRERUELA JIMENEZ, Concepción	Santiago	Non xustificar o pago do posto
8 8	JIMENEZ DE LEON, M <sup>a</sup> . Purificación	Milladoiro – AMES	Non presentar documentación
10 4	AMADO BOTANA, M <sup>a</sup> . Soledad	Carballo	Non xustificar o pago do posto
16 6	ROSILLO FERRERUELA, José Luís	Santiago	Non presentar documentación
24 8	MOUMNI BELAIDI, Soumia	Arteixo	Non presentar documentación

**2º) Notificar** este acordo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

#### **B) COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE**

EXPEDIENTE: 2021/U019/000007

Visto o expediente iniciado co número 2021/000/00000771 (RE) de 14/04/2021 por PANADERIA VELAY, S.L., con CIF: B-15.502.388 e domicilio na rúa

Alcalde Fernández. 30 desta vila, de comunicación previa do inicio da actividade de CAFE BAR en panadería existente, que se localiza no baixo da Rúa Alcalde Fernández, 30 desta vila (Referencia Catastral número: 8408702MH7580N0001ZT).

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 28/04/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por PANADERIA VELAY, S.L., con CIF: B-15.502.388, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de CAFE BAR en panadería existente, que se localiza no baixo da rúa Alcalde Fernández, 30 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

### **C) REEMPRAZO DE TAXI**

Co número 2021-999-00000288 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra, de data 10/04/2021, Ismael Montero Lago, comunica que vai substituír o vehículo marca Ford, modelo S-MAX, matrícula \*\*28H\*\*, de 7 prazas co que realiza a actividade de taxi coa licenza número 1, polo vehículo marca MERCEDES BENZ, modelo V220D, matrícula \*\*07K\*\* de 7 prazas.

A Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 15/04/2021, adoptou acordo de autorización a reempazo do taxi coa licenza número 1 e poder realizar esta actividade do vehículo marca MERCEDES BEZ, modelo V220D, matrícula \*\*07K\*\* de 7 prazas.

Así mesmo, mediante correo certificado de 22/04/2021, notifícaselle este acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Mediante escrito asinado dixitalmente con data 29/04/2021 polo Xefe do Servizo de Mobilidade da Xunta de Galicia, remítese INFORME FAVORABLE ao outorgamento da correspondente substitución do vehículo 6528-HGL polo vehículo \*\*07K\*\* na autorización VT-N de Ismael Montero Lago.

A Xunta de Goberno Local, dáse por enterada e ratifícase na autorización de outorgamento da correspondente substitución do vehículo \*\*28-\*\*L polo vehículo \*\*07K\*\* na autorización VT-N de Ismael Montero Lago.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión,** **ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.